



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 23-10-2019

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 23 de outubro de 2019, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

#### Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.  
D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez  
D. Faustino Santiago Lema  
D<sup>a</sup>. Noelia María Varela Suárez  
D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia  
D. Salvador Eiroa Ameijenda  
D<sup>a</sup>. María Teresa Chouciño Calvete

#### Polo Partido Popular, PP:

D. Jesús Daniel García Cotelo  
D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

#### Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes  
D. Marco Antonio Varela Vidal

### SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

D<sup>a</sup>. Ana Pérez Lema

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. LUCIA MATA RODRIGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión,.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, solicitada polos concelleiros/as D. Jesús Daniel García Cotelo, D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar, D. José Manuel Pose Verdes e D. Marco Antonio Varela Vidal, ao abeiro do artigo 78.2 do ROF.

O Sr. Alcalde manifesta o seguinte, o cal solicita que conste na acta:

“Antes de votar a inclusión na orde do día:

O día 15 de xuño constituíse o Concello, en catro meses de lexislatura levamos dous plenos ordinarios e seis extraordinarios co de hoxe. Este Pleno convocouse á solicitude dos concelleiros e concelleiras do Grupo do Partido Popular e do Grupo de Apin-Son.

Debo iniciar a introdución dirixíndome aos voceiros dos dous grupos, primeiramente ao Sr. García Cotelo do PP para lembrarlle que hoxe está na Corporación porque figuraba na lista do Partido Popular do Sr. Fondo, e despois dos resultados electorais produciuse a dimisión en bloque dos primeiros candidatos, e así chegou a ser o seu voceiro, pero repito na lista do Sr. Fondo.

En Corme tivemos un grave problema de saúde, a consecuencia do estado das redes, e isto non era novo. Despois de corenta anos de goberno do Partido Popular, e vinte e dous do Sr. Fondo, deixaron a rede de subministro de auga e saneamento sen ningunha renovación, cunha depuradora a medio funcionar e un tanque de tormentas feito por Augas de Galicia da Xunta de Galicia, e unha concesión do servizo do ciclo da auga a unha empresa, Espina e Delfín SL, en base a un prego de prescricións técnicas e administrativas que non contempla a reposición de elementos, nin outras moitas cousas, cunha cesión ilegal dun traballador do propio concello, o cal estaba na nómina municipal e prestaba os seus servizos á



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

empresa privada e a sorpresa foi cando chegamos e comprobamos que non se resarcían ao concello os gastos do mesmo. A débeda reclamada pola concesionaria era de 800.000€.

Ao Sr. Pose Verdes teño e debo recordarlle que durante catro anos formou parte do goberno municipal, sendo o primeiro tenente de alcalde e o concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas, e así veu exercendo durante todo o mandato. Tanto as obras como os servizos, neste caso a licitación do ciclo da auga, era responsabilidade súa e así foi durante os catros anos. Iniciouse o expediente para licitar o ciclo integral da auga, incluíndo ao saneamento, e redactáronse os pregos, se ben debíanse adaptar á nova lei de contratos, e gastáronse 18.000 euros nunha consultora de, Alterio Enxeñería, levouse á comisión o comezo do expediente de contratación, fixéronse as consultas coas empresas do sector para establecer o índice de custos e remitiúse á Xunta de Galicia para a emisión do seu informe preceptivo, o cal emitíuse en sentido favorable. Pois ben, chegados a este punto, o expediente quedou así porque o Sr. Pose non estimou convinte continualo e sacalo a licitación, toda a súa presa foi para a licitación do alumeadado público, a cal tamén era necesaria, e o cal debido a erros nos pregos e na documentación técnica redactada por unha consultora de Navarra foi obxecto de recurso e o TACGAL, da Xunta de Galicia, anulou a licitación.

Debo recordarlle tamén ao Sr. Pose que no Pleno celebrado o día 25 de setembro de 2017, despois da súa celebración, tivemos a sesión aberta á que asistiron numerosos veciños de Corme e plantexaron a problemática do saneamento, tanque de tormentas e depuradora. O Sr. Pose, na súa condición de concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas, respondeu aos veciños, e manifestou entre outras cousas que tanto o tanque de tormentas, como a depuradora, como as redes estaban en perfectas condicións, e se hai algunha dúbida do que digo está so seu dispor a videoteca de La Voz de Galicia.

Agora, a este goberno que leva catro meses, as dúas formacións políticas queren cargarlle o morto do estado das redes, tanque de tormentas e depuradoras. O goberno estivo traballando desde que tivo coñecemento da situación en solucionar o grave problema, prestar o apoio aos veciños e sen escatimar en medios para solucionar a emerxencia sanitaria. Debo dicir que non se veu por Corme ao pé dá rúa nin aos concelleiros do PP, nin tampouco aos de APIN. Grazas a Protección Civil polo seu enorme sacrificio.

Digo e afirmo que o concello non escatimou en medios tanto de diagnóstico, por medio de laboratorios, como de equipos técnicos e medios humanos para poñelos ao servizo de Corme e resolver o problema.

Celebrado o Pleno ordinario o día 30 de setembro, 7 días despois do estalido da crise de Corme, no que APIN non presentou ningunha pregunta relativa ao problema, e o PP "non tivo tempo" a presentalas coa antelación suficiente, 24 horas, para que foran tratadas e respondidas na sesión, presentounas verbalmente, e por escrito dous días máis tarde. Ese mesmo día solicitan conxuntamente a celebración dunha sesión do Pleno para tratar de catro preguntas do problema da auga en Corme.

Teño que pedirles ás dúas formacións que tomen en serio o seu papel de concelleiros que están na oposición, traballen para o concello e presenten propostas de acordos fundamentados, e non o que hoxe nos tran. Pero claro iso leva moito traballo.

Pido que fagan o seu papel de oposición e deixen gobernar e levar a cabo a actividade municipal, cumprindo o interese xeral e non paralizano con dous plenos extraordinarios en dous meses, sen asuntos formais, sen propostas fundamentadas, cando decidan presentalas deberán cumprir o ROF e o noso Regulamento Municipal. Lémbrolles que ata o 15 de xuño de 2020 disporán dunha soa solicitude de pleno extraordinario, pois con esta xa van dúas. Non nos deron nin os cen días de cortesía e agora queren culpar a este goberno do que non se fixo en corenta anos.

E ao Sr. García Cotelo recordarlle que está na oposición, que as comisións de investigación proceden noutras sedes, que o concello non é nin o Congreso nin o Senado, e que repase o Regulamento Orgánico vixente, feito polo seu cabeza de lista dimitido, o cal non contempla ningunha Comisión de Investigación, só a Informativa de Asuntos Xerais e a Especial de Contas.

E en canto a pedir a dimisión deste alcalde, pode pedila, pero non está lexitimado para iso, aos catro meses da elección e da toma de posesión. Vostede ten outro mecanismo que se chama moción de censura e se ten a confianza suficiente en que poida prosperar, xa sabe presentea.

O 12 de agosto ao concello costoulle cartos e medios a súa lixereza de solicitar un pleno extraordinario, sen ningún formalismo, sen propostas de acordos, sen expedientes e hoxe repiten o mesmo erro, repito quedálles un ata o 15 de xuño de 2020. "

Por cortesía, dado que non comezou a orde do día, se algún voceiro quere intervir por alusións, pode pedir a palabra.


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do PP, pide a palabra e manifesta que quere dar as grazas pola hora de celebración deste Pleno. Estamos á súa disposición. O luns tivemos outro Pleno a outra hora distinta. Pola nosa parte dicirlle que os 100 euros de asistencia ao Pleno pode darllos aos Servizos Sociais. O seu grupo é o responsable de pagar os 100 euros a cada concelleiro. O Grupo Popular non ven para cobrar. Estamos dentro da lei, temos dereito a solicitar un pleno extraordinario. A crise da auga comezou o día 23 de setembro e hoxe estamos a 23 de outubro, e vostede non deu explicacións, nos se sabe nada. Vemos a nefasta xestión do Sr. Alcalde. As preguntas fíxenas no Pleno ordinario, e vostede pon a venda antes que a ferida. Imos ver se contesta ás nosas preguntas.

O Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. de APIN, pide a palabra e dí que solicitaron un Pleno extraordinario, e polas súas palabras non se sabe se o celebrará ou non. Iste é un Pleno pedido pola oposición. Non faga vostede como no Pleno extraordinario anterior porque iso os vai levar ao xulgado. Ten moi bós asesores, por iso lles paga ben. Non volva a facer o mesmo, repito, que no anterior Pleno. En canto aos temas da auga, falaremos despois. Non faga o mesmo que no anterior Pleno. Vostede fixo o que lle dou a gaña canto estivo na oposición.

O Sr. Alcalde remata a introdución e manifesta o seguinte: Imos a comezar coa orde do día que vostedes solicitan, co ROF nunha man e noutra o Regulamento Orgánico Municipal, e o Pleno decidirá.

**1º.- SITUACIÓN ACTUAL DO BROTE DE GASTROENTERITE.-**

**O Sr. Alcalde dálle a palabra ao secretario, e orde que proceda a dar lectura ao informe que consta no expediente:**

Este punto poderíase considerar un rogo o unha pregunta, rogo para que o concello a aplicase, ou pregunta sobre as actuacións levadas a cabo para o seu cumprimento. Moción non pode considerarse, xa que o ROF no seu artigo 97 define os ditámenes, as proposición e as mocións. Considérase que o presentado neste punto non se pode clasificar como nin como ditamen, posto que non foi informado previamente pola Comisión Informativa, tampouco proposición posto que segundo o referido artigo debiera conter unha parte expositiva ou xustificación e unha proposta de acordo a adoptar, o mesmo sucede coas mocións.

Imos tratala como unha proposición, e repito non ten nin parte expositiva, nin o acordo a adoptar.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao secretario accidental, quen da lectura ao seu informe de data 03-10-2019:

**“INFORME XURÍDICO DE SECRETARÍA**

*O secretario accidental que subscribe, en cumprimento do ordeado pola Alcaldía na providencia de data 03-10-2019, na que se dispón que se emita o informe xurídico sobre a procedencia da convocatoria solicitada polos concelleiros na data de 02-10-2019, rexistro de entrada núm. 3279, e inclusión na orde do día dos asuntos que relacionan, consonte ao establecido no artigo 3.3.a) do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte INFORME:*

**I. ANTECEDENTES.**

- *Convocatoria solicitada polos concelleiros na data de 02-10-2019, rexistro de entrada núm. 3279, e inclusión na orde do día dos asuntos que relacionan na mesma.*
- *Providencia da Alcaldía de data 03-10-2019, na que se dispón que se emita o informe xurídico sobre a procedencia da convocatoria e a inclusión na orde do día dos asuntos que se relacionan, consonte ao establecido no artigo 3.3.a) do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 78.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, dispón:

**“Artículo 78.2.** Son sesiones extraordinarias aquellas que convoque el Alcalde o Presidente con tal carácter, por iniciativa propia o a solicitud de la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación. Tal solicitud habrá de hacerse por escrito en el que se razone el asunto o asuntos que la motiven, firmado personalmente por todos los que la suscriben. La relación de asuntos incluidos en el escrito no enerva la facultad del Alcalde o Presidente para determinar los puntos del Orden del día, si bien la exclusión de éste de alguno de los asuntos propuestos deberá ser motivada.”

O artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece:

**“Artículo 210. 2.a).** El Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dos meses y extraordinaria cuando así lo decida el presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de los miembros de la Corporación. En este último caso, el Presidente se verá obligado a convocarla dentro de los cuatro días siguientes al de su solicitud y su celebración no podrá demorarse por más de un mes desde que hubiese sido solicitada”.

A solicitude foi presentada e avalada coas sinaturas de catro concelleiros, polo que se cumpre o número mínimo legal de membros que establece o art. 78.2 precitado. Se ben no mesmo establécese que a mesma deberá presentarse por escrito, feito que se cumpre, e na que se razonen o asunto ou asuntos que a motiven, feito que non se produce, xa que o escrito enumera catro puntos a incluír na orde do día, sen razonar e sen motivar a mesma.

No mesmo artigo establécese que a relación de asuntos incluídos no escrito non enerva a facultade do alcalde para determinar os puntos da orde do día, se ben a exclusión de algún dos asuntos propostos deberá ser motivada.

En canto á convocatoria deberá realizarse no prazo de catro días hábiles, contados a partir do seguinte ao da presentación da solicitude, e a celebración do mesmo, segundo a nova redacción do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, reguladora das bases do Réxime Local, dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

O artigo 33.1, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico Municipal

Aprobado polo Pleno na data de 23-12-2008, elevado a definitivo, e publicado no BOP núm. 96 do 29-04-2009, vixente na actualidade, establece en relación as sesións extraordinarias solicitadas polo menos pola cuarta parte do número legal de concelleiros da Corporación: “... Os concelleiros deberán solicitar a convocatoria das sesións por escrito no que razonen o/s asuntos que a motive/n. O escrito deberá estar asinado persoalmente por todos os que suscriben a convocatoria. A relación de asuntos incluídos no escrito non enerva a facultade do alcalde de determinar os puntos da orde do día, se ben a exclusión dalgún dos asuntos propostos deberá ser motiva”.

Para que proceda a convocatoria da sesión extraordinaria deben cumprirse determinados requisitos entre os cales concéntrase que o asunto que se someta ao Pleno sexa da súa competencia, así o sinala a numerosa xurisprudencia, entre outras a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo, de 16 de decembro de 1986. E nos asuntos que se inclén na solicitude de convocatoria cúmprese o principio da competencia municipal, ao ser o subministro de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais unha competencia propia, de conformidade co disposto no artigo 25.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

O artigo 82, nos apartados 2 e 3, do ROF, establece:

**“2.** En el orden del día sólo pueden incluirse los asuntos que hayan sido previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta de la Comisión Informativa que corresponda.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**3. El Alcalde o Presidente, por razones de urgencia debidamente motivada, podrá incluir en el orden del día, a iniciativa propia o propuesta de alguno de los portavoces, asuntos que no hayan sido previamente informados por la respectiva Comisión Informativa, pero en este supuesto no podrá adoptarse acuerdo alguno sobre estos asuntos sin que el Pleno ratifique su inclusión en el orden del día."**

### Xurisprudencia

*En canto aos requisitos que debe cumprir a petición de pleno extraordinario solicitada alomenos pola cuarta parte dos membros da Corporación débese salientar entre outras as seguintes Sentenzas, en especial a da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 18 de setembro de 2014 (ECLI:ES:TSJM:2014:10762) que transcribo en parte:*

*"Según se desprende de los artículos 46.2 de la LRBRL y 78.2 del ROF, las condiciones que debe reunir la petición de pleno extraordinario efectuada por los miembros de la Corporación (siguiendo al respecto, en lo sustancial, el contenido de la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León núm. 157, de fecha 29 de abril de 1997):*

- 1. La solicitud ha de hacerse por escrito. No vincula al Presidente, por lo tanto, la solicitud efectuada verbalmente, ni siquiera si se hace como un ruego en otra sesión plenaria, aunque nada impide tampoco al Presidente atender tal petición.*
- 2. La solicitud debe estar motivada. El escrito ha de razonar el asunto o asuntos que motivan la celebración de la sesión, fundamentando el tema o temas a deliberar y decidir. Esta exigencia de motivación se recoge en el art. 78.2.1 del ROF, y el art. 80.1 del mismo Reglamento hace extensiva a todas las sesiones extraordinarias, precisando la jurisprudencia que debe quedar claro el tema o temas del orden del día, los asuntos sobre los que versará la deliberación y decisión, sin poder tratarse otros no incluidos en ese orden del día, so pena de nulidad.*
- 3. La solicitud debe estar secundada al menos por una cuarta parte del número legal de miembros de la Corporación.*
- 4. La petición ha de estar firmada personalmente por todos los que la suscriben. Estas firmas han de ser legibles, y cuando no sea así, deberá pedirse su autenticación ante el Secretario de la Corporación. (STS de 12 de febrero de 1990).*
- 5. El asunto sobre el que se propone deliberar y decidir en la sesión extraordinaria debe ser competencia del Pleno. Si bien en el art. 78 del ROF no se menciona expresamente este requisito, se deduce de la delimitación de competencias de cada órgano recogida en la legislación de régimen local. Además el art. 62.1. b) de la Ley 30/1992 declara actos nulos de pleno derecho "los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia.*
- 6. La petición debe contener una "propuesta de acuerdo" para el asunto o asuntos cuyo debate se solicita (la precitada Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León núm. 157, de fecha 29 de abril de 1997 no contempla esta exigencia). Propuesta que será dictaminada por la Comisión Informativa correspondiente (salvo en casos de urgencia), según se desprende del artículo 82.2 del ROF, comenzando la sesión plenaria con la lectura del dictamen o proposición (art. 93 del ROF)."*

### **CONCLUSIONES**

*En conclusión a solicitude de celebración dunha sesión plenaria extraordinaria a pedimento dos membros da Corporación debe facerse por escrito asinado polo menos pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación, formulando, de forma motivada, unha proposta de acordo nun asunto da competencia do Pleno.*

*Con todo, a non concorrencia de todos estes requisitos no escrito de petición non pode ser argumento suficiente para rexeitar a solicitude inmediatamente.*

*Con respecto á convocatoria do Pleno, no seu caso, débese salientar que o art. 84 do ROF establece: "Toda la documentación de los asuntos incluidos en el orden del día que debe servir de base al debate y, en su caso, votación deberá estar a disposición de los miembros de la Corporación desde el mismo día de la*




**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

*convocatoria en la Secretaría de la misma. Cualquier miembro de la Corporación podrá, en consecuencia, examinarla e incluso obtener copias de documentos concretos que la integre, pero los originales no podrán salir del lugar en que se encuentren puestos de manifiesto."*

*No caso da actual solicitude, á convocatoria non se acompañará de ningunha documentación, como establece o precitado art. 84 e a costume, nin tampouco estará a dispor dos señores concelleiros desde o mesmo día da convocatoria porque non existe.*

*Á vista da solicitude presentada dedúcese que a mesma ten carencias fundamentais para a inclusión directa na orde do día:*

- a) *No escrito de solicitude non se motiva a inclusión de ningún dos puntos da orde do día que se inclúen.*
- b) *A petición, neste caso peticións, deben conter unha proposta de acordo para o asunto ou asuntos cuxo debate se solicita, neste caso non se inclúe ningún documento, nin tampouco proposta de acordo.*
- c) *A proposta deberá ser ditaminada pola Comisión Informativa correspondente, salvo nos casos de urxencia, segundo o establecido no artigo 82.2 do ROF, comenzando neste último caso a sesión plenaria coa lectura do ditamen ou proposición, pero sen que o Pleno poida adoptar acordo algún sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día. No caso da presente solicitude non existe ditamen ou proposición.*

*Por todo o anterior, a xuízo desta secretaría accidental a Alcaldía, consonte ás disposicións legais precitadas e á xurisprudencia á que se fai referencia pode levar a cabo as seguintes accións:*

**1º.-** *Requirir aos solicitantes a enmenda ou subsanación da súa solicitude, consonte ao establecido no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, para que no prazo de dez días presenten a motivación preceptiva que establece tanto o Regulamento Orgánico Municipal, art. 33.1, e arts. 78.2.1 e 80.1 do ROF, paralizando o prazo para realizar a convocatoria desde a data do requirimento ata a presentación da documentación polos Sres. Concelleiros solicitantes.*

**2º.-** *Denegar motivadamente a súa petición mediante resolución da alcaldía, dando pé á interposición do potestativo recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses.*

**3º.-** *Convocar o Pleno no prazo de 4 días hábiles, contados a partir do seguinte da presentación da solicitude, e establecer o día da celebración do Pleno e a orde do día, na que a Alcaldía motivadamente poderá alterar ou modificar os asuntos que solicitan os Sres. Concelleiros incluír. A celebración da sesión extraordinaria solicitada non poderá fixarse non máis tarde do décimo quinto día hábil a partir do seguinte ao da súa solicitude, e neste caso como paso primeiro en cada punto, dar lectura, polos concelleiros que presentaron a solicitude, da proposición que se presenta en cada punto, e someter ao Pleno a ratificación da súa inclusión na Orde do día, de conformidade cos artigos 82.2 e 93 do ROF."*

Logo de ver que non está formado o expediente, que non existe memoria nin a proposta de acordo, así como ditamen da Comisión Informativa correspondente, de conformidade co artigo 82.3 do ROF, e co informe de secretaría, sométese a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Votos a favor: Catro (4), os señores/as concelleiros/as dos G.M. do PP e APIN.

Votos en contra: Oito (8), os señores/as concelleiros/as do G.M do PSdeG-PSOE.

Abstencións: -

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** O rexeitamento da inclusión na orde do día proposta presentada polos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PP e APIN, por no axustarse ao que dispón o artigo 82 e 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, relativa ao asunto "SITUACIÓN ACTUAL DO BROTE DE GASTROENTERITE".



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**2º.- MEDIDAS QUE ADOPTOU O CONCELLO E IIFORME DAS ANALÍTICAS RECOLLIDAS NOS DISTINTOS PUNTOS.-**

Logo de ver que non está formado o expediente, que non existe memoria nin a proposta de acordo, así como O ditamen da Comisión Informativa correspondente, de conformidade co artigo 82.3 do ROF, e co informe de secretaría, sométese a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Votos a favor: Catro (4), os señores/as concelleiros/as dos G.M. do PP e APIN.

Votos en contra: Oito (8), os señores/as concelleiros/as do G.M do PSdeG-PSOE.

Abstencións: -

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** O rexeitamento da inclusión na orde do día proposta presentada polos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PP e APIN, por no axustarse ao que dispón o artigo 82 e 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, relativa ao asunto "MEDIDAS QUE ADOPTOU O CONCELLO E IIFORME DAS ANALÍTICAS RECOLLIDAS NOS DISTINTOS PUNTOS".

**3º.- ¿QUÉ PASA EN CORME? ¿ESTÁ UNIDO O ALCANTARILLADO CO ABASTECIMIENTO?.**

Logo de ver que non está formado o expediente, que non existe memoria nin a proposta de acordo, así como O ditamen da Comisión Informativa correspondente, de conformidade co artigo 82.3 do ROF, e co informe de secretaría, sométese a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Votos a favor: Catro (4), os señores/as concelleiros/as dos G.M. do PP e APIN.

Votos en contra: Oito (8), os señores/as concelleiros/as do G.M do PSdeG-PSOE.

Abstencións: -

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** O rexeitamento da inclusión na orde do día proposta presentada polos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PP e APIN, por no axustarse ao que dispón o artigo 82 e 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, relativa ao asunto "¿QUÉ PASA EN CORME? ¿ESTÁ UNIDO O ALCANTARILLADO CO ABASTECIMIENTO?".

**4º.- ¿POR QUÉ DIXO O SR. ALCALDE QUE A AUGA ERA POTABLE, CANDO DESDE A CONSELLERÍA ACONSELLABAN PRUDENCIA?**

Logo de ver que non está formado o expediente, que non existe memoria nin a proposta de acordo, así como O ditamen da Comisión Informativa correspondente, de conformidade co artigo 82.3 do ROF, e co informe de secretaría, sométese a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Votos a favor: Tres (3), os señores/as concelleiros/as dos G.M. do PP e o Sr. Varela Vidal de APIN.

Votos en contra: Oito (8), os señores/as concelleiros/as do G.M do PSdeG-PSOE.

Abstencións: Unha (1), o Sr. Pose Verdes do G.M. de APIN.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** O rexeitamento da inclusión na orde do día proposta presentada polos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PP e APIN, por no axustarse ao que dispón o artigo 82 e 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, relativa ao asunto "¿POR QUÉ DIXO O SR. ALCALDE QUE A AUGA ERA POTABLE, CANDO DESDE A CONSELLERÍA ACONSELLABAN PRUDENCIA?".



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. Alcalde manifesta que os señores concelleiros e concelleiras teñen toda a información dispoñible polo concello en relación á emerxencia sanitaria producida en Corme, así como as medidas a adoptar, desde o venres 18 de outubro, que se lles enviou conxuntamente coa convocatoria do Pleno extraordinario, que se celebrará dentro de poucos minutos, ás 10 horas, convocado en legal forma, con toda a documentación e toda a información, exemplo de transparencia, a cal foi tamén publicada diariamente na páxina web municipal. Recorda a toda a Corporación o seu deber de traballar e presentar propostas que redunden no cumprimento do interés xeral, e non busquen o seu beneficio político, e recorden que por decisión do pobo de Ponteceso ao Grupo Municipal do PSOE tócalle gobernar e ao PP e APIN o pobo mandounos a facer oposición.

Toma a palabra a concelleira Sra. Carrillo Aguiar, do G.M. do PP, cando abandona a sesión, e dí que o alcalde é un "sinvergüenza" (literal), e o Alcalde di que retire o insulto, que iso non o vai tolerar. A Concelleira non o fai, e o Sr. Alcalde dí que conste na acta.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia, ás nove horas e trinta e dous minutos do día sinalado no encabezamento levanta a sesión, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e o secretario accidental.

O Alcalde

O secretario acctal.

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás